





ACTUALIZACIÓN SITUACIÓN METEOROLÓXICA DÍAS 14 AO 17 XANEIRO

Luns 15 – Xaneiro: Durante esta xornada as baixas presións continuarán ao oeste da península Ibérica, achegando masas de aire húmido e morno cara a Galicia. Logo das chuvias intensas da madrugada agardamos agora unha xornada de chuvias máis débiles e intermitentes, con ventos do suroeste que non soprarán con moita intensidade. A altura das ondas quedará en mar aberto no entorno dos 2 metros de altura.



Ventos e correntes previstas para o mediodía do luns 15 de xaneiro


Martes 16 – Xaneiro: Galicia continuará un día máis na influencia dunha borrasca (borrasca Irene) localizada entre os Azores e a península Ibérica. As chuvias serán máis débiles e intermitentes na primeira metade do día, pero tenderán a aumentar pola tarde. Os ventos no litoral soprarán do sur con intervalos fortes. Aviso amarelo por forza 7 durante a tarde no litoral atlántico que subirá a laranxa xa pola noite. O mar combinado irá en aumento ata superar os 3 metros de altura en mar aberto.





Ventos e correntes previstas para o mediodía do martes 16 de xaneiro



Mércores 17 – Xaneiro: O centro da borrasca Irene atoparase preto de Galicia o que fará que as condicións meteorolóxicas continúen sendo moi adversas. As chuvias irán caendo de xeito intermitente, pero por momentos con forte intensidade e os ventos do suroeste terán tamén forte intensidade durante toda a xornada e en todo o litoral. En canto ás ondas o mar combinado moverase entre os 3 e os 4 metros. Avisos amarelos por ventos de forza 7 no mar e por ondas que poden superar os 4 metros. Avisos amarelos tamén por vento e chuva en terra.




MeteoGalicia - Xunta de Galicia





MeteoGalicia - Xunta de Galicia

Ventos e correntes previstas para o mediodía do mércores 17 de xaneiro

Xoves 18 – Xaneiro: O xoves sería unha xornada de cambio. Os ventos soprarán aínda fortes do suroeste pola mañá, pero cambiarán a norte a partir do mediodía e tenderán a diminuír en intensidade. Os chuvascos tamén acadarán forte intensidade pola mañá, pero irán desaparecendo pola tarde. As ondas tamén cambiarán a súa dirección. Na primeira metade do día seguirán chegando do oeste, con alturas significantes en torno aos 4 metros, pero xa pola tarde serán do noroeste, diminuindo a altura.



MeteoGalicia - Xunta de Galicia



MeteoGalicia - Xunta de Galicia



Ventos e correntes previstas para o mediodía do xoves 18 de xaneiro

Valoración sobre a chegada dos "pellets" ao litoral de Galicia

Durante os vindeiros 3 días Galicia atoparase na influencia das baixas presións atlánticas con ventos do sur-suroeste. Esta dirección, xunto coa dirección da corrente superficial na plataforma, fai probable que obxectos que estean flotando poidan chegar ao litoral. Pero tendo en conta as simulacións realizadas polo Observatorio Costeiro da Xunta semella que neste intre os pellets ou bolsas estarían bastante dispersos e ademais por mor dos ventos de sur do sábado e domingo estarían na súa meirande parte ao norte de Fisterra. Isto fai que a afección puidera ser menor que si estivesen máis ao sur, como foi o caso da primeira semana de xaneiro, principalmente no caso das Rias Baixas. Os ventos do suroeste van máis en paralelo ao litoral entre Fisterra e Bares e iso fai que a chegada dos pellets non sexa tan doada.

En todo caso estamos tratando cunha simulación a longo prazo, que explica ben as primeiras chegadas de material a mediados de decembro e a entrada en moitos puntos do litoral na primeira semana de xaneiro. Pero non podemos estar completamente seguros de que a situación prognosticada actualmente sexa completamente correcta.

Información sobre as mareas:

Luns, día 15:

A Coruña			Vigo			Vilagarcía		
	Hora	Altura		Hora	Altura		Hora	Altura
Baixamar	00:34	0.6	Baixamar	00:13	0.6	Baixamar	00:18	0.6
Preamar	06:54	4.1	Preamar	06:31	3.9	Preamar	06:37	3.9
Baixamar	13:09	0.5	Baixamar	12:48	0.5	Baixamar	12:53	0.5
Preamar	19:23	3.6	Preamar	19:01	3.5	Preamar	19:06	3.5



Martes, día 16

A Coruña			Vigo			Vilagarcía		
	Hora	Altura		Hora	Altura		Hora	Altura
Baixamar	01:22	0.7	Baixamar	01:00	0.7	Baixamar	01:06	0.7
Preamar	07:44	3.9	Preamar	07:21	3.7	Preamar	07:27	3.8
Baixamar	13:59	0.7	Baixamar	13:38	0.7	Baixamar	13:43	0.6
Preamar	20:14	3.5	Preamar	19:52	3.3	Preamar	19:57	3.3

Mércores, día 17

A Coruña			Vigo			Vilagarcía		
	Hora	Altura		Hora	Altura		Hora	Altura
Baixamar	02:14	0.9	Baixamar	01:52	0.9	Baixamar	01:58	0.9
Preamar	08:37	3.7	Preamar	08:14	3.5	Preamar	08:20	3.6
Baixamar	14:52	0.9	Baixamar	14:32	0.9	Baixamar	14:36	0.9
Preamar	21:10	3.3	Preamar	20:48	3.1	Preamar	20:53	3.2

Xoves, día 18

A Coruña			Vigo			Vilagarcía		
	Hora	Altura		Hora	Altura		Hora	Altura
Baixamar	03:11	1.1	Baixamar	02:50	1.1	Baixamar	02:56	1.0
Preamar	09:36	3.5	Preamar	09:14	3.3	Preamar	09:19	3.3
Baixamar	15:51	1.1	Baixamar	15:32	1.1	Baixamar	15:36	1.1
Preamar	22:13	3.1	Preamar	21:52	3.0	Preamar	21:57	3.0

Datos en tempo real:

Meteorolóxicos:

<https://www.meteogalicia.gal/observacion/meteovisor/indexVisor.action>

Océano-meteorolóxicos:

<http://www.intecmar.gal/Plataformas/plataformas.aspx>

Máis información dos modelos:



XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

OBSERVATORIO
COSTEIRO DA XUNTA
DE GALICIA

<https://www.meteogalicia.gal/modelos/inicio.action>